

Plan Director da Sociedade da Información

Concello de Oza dos Ríos



Dende IGN Solutions, en colaboración co Concello de Oza dos Ríos, estase levando a cabo o desenvolvemento do "**Plan Director da Sociedade da Información**" de devandito concello. Este proxecto está encadrado dentro do programa "**Concellos Dixitais**" que promove a Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia.

Os obxectivos marcados dentro deste Plan Director son os de coñecer o estado real da implantación de infraestruturas TIC, en especial da banda larga, así como o seu nivel de uso e o perfil dos usuarios dentro do concello.

Ademais, pretende servir de folia de ruta, ser unha ferramenta viva que permita ao concello adiantarse ao futuro e enfocar os seus esforzos no desenvolvemento da infraestrutura TIC, así como en detectar e dar resposta as necesidades tecnolóxicas presentes e futuras dos habitantes de Oza dos Ríos.

O Plan Director dá Sociedade da Información do Concello de Oza dos Ríos, despois de ser presentado no Concello, será publicado nas vindeiras datas nas páxinas web do Concello e de IGN Solutions, onde poderá ser consultado e descargado por calquera cidadán.

Esperamos que devandito Plan sexa unha referencia que sirva ao Concello de Oza dos Ríos de modelo pra ofrecer un mellor servizo aos seus cidadáns na adopción e uso das TIC. Este é un proxecto ambicioso e aberto, polo que esperamos contar coa colaboración de todos e todas en Oza dos Ríos para o seu éxito.



Concello de
Oza dos Ríos



Fondo Europeo de
Desarrollo Regional



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

Dirección Xeral de Promoción Industrial
e da Sociedade da Información